

## **NOTA DA VIGAIRÍA DE PASTORAL SOBRE AS FESTAS DE SANTOS E DEFUNTOS**

Ante as próximas festas de Santos e defuntos recordamos desde a Vigairía de pastoral algunhas orientacións:

### **CULTO NAS IGREXAS:**

Seguir cumprindo coas condicións que xa se están empregando nos templos parroquiais: capacidade, distancia, máscara, xel hidroalcolico, desinfección, etc.

### **CULTO NOS CEMITERIOS:**

Valorar se neste momento e nestas circunstancias se poden ter actos nos cemiterios. En todo caso, **é obrigatorio solicitar permiso por escrito ás autoridades municipais para realizar culto no exterior**, aínda que o cemiterio sexa de titularidade parroquial.

Ademais, se se pensa ter algún acto no cemiterio sería bo distancialo dos actos do templo parroquial para evitar aglomeracións e facilitar que unhas persoas poidan asistir a un acto de culto e outras a outro.

Nos cemiterios de propiedade parroquial convén **ofrecer un amplo horario de apertura e poñer carteis indicando: capacidade máxima, obriga de gardar a distancia de seguridade e de usar a máscara facial**.

E se houbera dúas portas sinalar unha de entrada e outra de saída; no caso de que só exista un acceso pódese marcar no chan o sentido de entrada e de saída.

### **E ADEMAIS:**

Ao coincidir este ano o día 1 de novembro en Domingo, pódense **repartir as celebracións entre o sábado, domingo e luns**, para intentar evitar masificacións.

Lembrarlle aos fieis que para orar polos defuntos non é preciso facelo no cemiterio, **pódese rezar desde a propia casa. A Delegación de Liturxia ofrecerá un material** para a oración polos defuntos que se pode descargar, imprimir ou compartir nas redes sociais da parroquia.

Convén neste ano orar de maneira especial polos que finaron a causa da pandemia e tiveron que ser enterrados en circunstancias excepcionais con gran dor das familias.

Estas indicacións están supeditadas ao que as autoridades sanitarias poidan determinar en calquera momento.

No Deus da Vida recibide un cordial saúdo.

Vigo, 15-10-2020

J. Vidal